



**CURSO**  
**ANTROPOLOXÍA SOCIAL  
E CULTURAL GALEGA**

**Módulo II: Etnomedicina e  
relixiosidade popular**

15 Xan - Santuarios e xeografías sagradas  
22 Xan - Etnomedicina galega  
29 Xan - A protección e os ritos favorecedores  
5 Feb - Os ritos favorecedores  
12 Feb - Crenzas sobre a vida e a morte  
19 Feb - Olladas ao redor do Patrimonio Inmaterial galego

**IMPORTE:**  
Rafael Quintía Pereira (Antropólogo)

**HORARIO:**  
Martes de 17:30 a 20:30h  
Do 15/01/19 ao 19/02/19 (18 Horas)

**LUGAR:**  
Cidade da Cultura de Galicia. Edificio CEM. Cubibulo

**MÁIS INFO E INSCRIPCIÓN ONLINE:**  
[trebum.com](http://trebum.com)

 

**DESTINATARIOS/AS:**

Todas aquelas persoas -estudantes ou non- que queiran iniciarse no eido do patrimonio inmaterial galego, estudantes do grao de antropoloxía ou doutras disciplinas, así como a todas persoas interesadas en recibir formación antropolóxica e, especificamente, nos campos da mitoloxía, etnomedicina, crenzas e relixiosidade popular da cultura tradicional galega.

**DURACIÓN DO CURSO:**

18 horas

**DURACIÓN DAS CLASES:**

3 horas 1 día á semana

**DATAS:**

Do 15 de xaneiro de 2019 ao 19 de febreiro de 2019

**HORARIO:**

Martes de 17:30 a 20:30h

**LUGAR:**

Cidade da Cultura de Galicia. Edificio CEM. Cubículo

**PREZO:**

65€ - 3,61€/Hora

**INSCRIPCIÓN ONLINE:**

<http://www.trebum.com>

**PROGRAMACIÓN DE CONTIDOS:****Sesión 1: Santuarios e xeografías sagradas** (Martes 15 de xaneiro)

- Santuarios precristiáns e lugares hierofánicos
- Os santuarios cristiáns
- Significado da peregrinación
- Relixiosidade popular: virxes, cristos, santos e santas
- A natureza como templo: augas, bosques, pedras, covas e montañas

**Sesión 2: Etnomedicina galega** (Martes 22 de xaneiro)

- Meigas, curandeiros, compoñedores, menciñeiros e demais familia
- Dinámica dos ritos curativos: tipoloxía, elementos e funcións
- O poder do ritual e a eficacia simbólica
- Introducción á etnobotánica galega
- O lugares de sanación
- O santoral policlínico

**Sesión 3: A protección e os ritos favorecedores** (Martes 29 de xaneiro)

- Temores e necesidades
- Bruxas e mal de ollo
- A protección da casa, a facenda e as persoas
- A protección nos camiños
- A protección no mar
- Amuletos e obxectos de poder

**Sesión 4: Os ritos favorecedores** (Martes 5 de febreiro)

- Os ritos propiciatorios
- Ritos de fertilidade
- Ritos de fecundidade
- Ritos de xestión da meteoroloxía
- Ritos para causar mal

**Sesión 5: Crenzas sobre a vida e a morte** (Martes 12 de febreiro)

- As idades da vida
- Nacemento e infancia
- A morte en Galicia: crenzas e mitoloxía

**Sesión 6: Olladas ao redor do Patrimonio Inmaterial galego** (Martes 19 de febreiro)

- Repaso de temas tratados
- Aclaración de dúbidas
- Reflexión e debate final

**PROFESOR:**

**Rafael Quintía Pereira**

Rafael Quintía Pereira: Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural; Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais; Master Universitario en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas, na especialidade de Ciencias Sociais: Xeografía e Historia. Escritor, documentalista e músico tradicional. Traballa como antropólogo profesional na empres AB ORIGINE. É membro fundador e presidente da Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA) e vicepresidente da Asociación Galega de Antropoloxía (AGANTRO).

Investigador, profesor e divulgador nos campos da antropoloxía e da historia de Galicia. As súas liñas de investigación céntranse no patrimonio inmaterial, fundamentalmente, no estudo da etnomedicina galega, no campo da mitoloxía popular e no mundo das crenzas máxico-relixiosas e da relixiosidade galaica ao longo da historia. Os resultados do seu traballo víronse reflectidos na publicación dunha ducia de monografías, na realización de sete documentais etnográficos e históricos e en múltiples artigos.

Durante estes anos o seu traballo de investigación foi galardoado con catro premios de investigación e ensaio: *Premio Ferro Couselo de Investigación* (2017), *Premio Ramón Piñeiro de Ensaio* (2016), *Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais* (2015) e *Premio de investigación Luís Cuadrado* (2010). Ademais é *Premio Lingua de Ouro 2017* da Asociación Queremos Galego Marín.